



**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO
DÍA 29 DE XULLO DE 2015**

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **ONCE HORAS E QUINCE MINUTOS** do día **VINTENOVE DE XULLO DE DOUS MIL QUINCE**, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde **D. MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ**, reúnese a Xunta de Goberno Local, coa asistencia dos tenentes de Alcalde **D. KLAUS BREY MONTAÑA** e **Dª ANA LUISA GONZALEZ COSTA**, e o concelleiro, membro deste órgano, **D. JESUS TABOADA LÁZARA**, e da Secretaria da Corporación **MARIA CACHARRO LOPEZ**, que suscribe e da fe. Asiste tamén, por telo autorizado o Alcalde, a concelleira **PILAR PEÓN IGLESIAS**.

O Sr. Alcalde declara aberta a sesión, convocada con carácter extraordinario pola necesidade de non demorar a licitación do contrato de servizos do PROGRAMA LÚDICO-EDUCATIVO DE APERTURA DE CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS FORA DO HORARIO LECTIVO no CEIP de Silleda, que debe comezar co vindeiro curso académico. É preferible non esperar á vindeira sesión ordinaria da XGL para poder xestionar canto antes o anuncio de licitación, cuxa publicación podería demorarse por mor das vacacións do persoal encargado de levala a cabo.

**1º.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DO
PROGRAMA LÚDICO-EDUCATIVO DE APERTURA DE CENTROS
EDUCATIVOS PÚBLICOS FORA DO HORARIO LECTIVO no CEIP de Silleda**

Á vista do expediente formado para a contratación, polo procedemento aberto con multiplicidade de criterios, do servizo do programa lúdico-educativo de apertura de centros educativos públicos fora do horario lectivo no CEIP de Silleda, e que consta dos seguintes documentos:

- Proposta da alcaldía (inicialmente al Pleno) xustificando a necesidade do contrato para posibilitar a conciliación da vida familiar e laboral dos veciños e veciñas de Silleda así como a educación e práctica do deporte no tempo de lecer en horario extraescolar para os nenos de educación infantil e primaria do Concello de Silleda.
- Prego de condicións técnicas particulares sobre a prestación obxecto do contrato
- Prego de cláusulas administrativas particulares, no que se establece a tramitación urxente do expediente, que se xustifica, segundo a antedita proposta da alcaldía, na recente organización da Corporación logo das eleccións municipais de maio, sendo o de 30 de xuño o primeiro Pleno ordinario ao que se podía levar o asunto. Posteriormente, pola intervención confirmase que, en atención á % que o importe do contrato representa sobre os recursos orzamentarios, o órgano de contratación non é o Pleno,



polo que o expediente pasa a ser tramitado, por delegación do Alcalde mediante Decreto do 15/06/2015, pola Xunta de Goberno Local.

- Informe xurídico do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Informe de fiscalización da intervención.

Á vista da dita documentación, **esta Xunta de Goberno Local**, ao abeiro das atribucións conferidas pola DA 2ª e o artigo 110 do TRLCSP, delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros, **ACORDA:**

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto, oferta máis vantaxosa, con varios criterios de adxudicación e tramitación urxente, para o servizo de PROGRAMA LÚDICO-EDUCATIVO DE APERTURA DE CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS FORA DO HORARIO LECTIVO no CEIP de Silleda, e que se convoque a súa licitación.

SEGUNDO. Autorizar, pola contía de CENTO SESENTA MIL EUROS (160.000€), o gasto que para este concello representa a devandita contratación, con cargo á aplicación 324.22799 do estado de gastos do orzamento municipal vixente.


TERCEIRO. Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de condicións técnicas particulares que rexerán o dito contrato.

CUARTO. Publicar no BOP de Pontevedra e no perfil do contratante un anuncio da licitación, para que durante o prazo de OITO DÍAS os interesados poidan presentar as proposicións que consideren pertinentes.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión ás once horas e vintecinco minutos, extendéndose a presente acta, do que como secretaria, dou fe e certifico.

Silleda, a 29 de xullo de 2015

Vº e Prace
O ALCALDE,



Manuel Cuiña Fernández

A SECRETARIA



María Cacharro López